



Pan e Rosas

Alberte Suras

Hoxe, 8 de Marzo, é o día da muller traballadora. O serán resplandece baixo un sol iridiscente, case máxico, na cidade de cristal. Quizabes sexa un bo intre para escribir sobre a muller. Aínda que eu non son moi partidario de dedicarlles un día ás cousas (¡o ano ten 365 ou 366!), pasado o cal esquecese absolutamente todo, quero face-la miña pequena homenaxe a este fermoso don da creación.

Seguramente sexa preciso lembrar certos feitos. Foi unha xornada triste de fai 86 anos a que lle custou a vida a 129 obreiras téxtiles de Nova York. Na fábrica Cotton as traballadoras pecháronse para reclamar unha serie de melloras laborais. Pedían unha xornada de 10 horas e un salario igual co dos homes. O patrón ordenou queima-las instalacións para obrígalas a saír, pero elas permaneceron nos seus postos. Todas morreron. Dous anos despois, en 1910, convocouse en Copenhague unha xuntanza de mulleres socialistas. A revolucionaria alemá Clara Zetkin propuxo celebra-lo 8 de Marzo como Día da Muller Traballadora, en recordo das obreiras téxtiles mortas.

“Pan e Rosas” é un himno empregado polo feminismo e que serve tamén para o Día Internacional da Muller Traballadora. “Queremos pan, e tamén queremos rosas”, era o lema dunha pancarta das obreiras textís de Massachusetts (EE.UU) que levaban ó fronte das súas manifestacións. Rosas e pan lembra o dobre traballo ó que se ven abocadas tódalas mulleres do mundo. Incluso se viven en países desenvolvidos e teñen un traballo remunerado deben facer un segundo traballo “de balde”.

“A anatomía é o seu destino” é unha frase de Freud pola que se lles atribúe ás mulleres só o papel de reprodutoras e coidadoras da especie humana. Amparándose nesta teoría marxínouse durante séculos á metade da poboación. O traballo da muller, nestes tempos,

empeora e perde parte das conquistas acadadas xa que en épocas de escaseza presionase máis sobre os máis desprotexidos.

O lema segue sendo válido: pan, rosas, respecto e dignidade. Por elo morreron millóns de mulleres e, hoxe, seguen dando a súa vida miles coma as “Rosas de Cotton”.